

Asemblea Xeral 2022

ACTA DA ASEMBLEA XERAL

Data: 18/06/2022

Lugar: Xirona (Parque Tecnolóxico da UdG, Pic de Peguera 15, Xirona). Coa finalidade de promover unha meirande participación de todas as persoas socias, incluíndo as que se atopan lonxe da sede social, a Asemblea tamén se podía seguir en liña dende calquera dispositivo con conexión á Internet a través da web corporativa www.somenergia.coop, ao abeiro dos Estatutos de Som Energia, SCCL. Toda a documentación asociada á orde do día estaba xa a disposición das persoas socias e envióselles por correo electrónico. Tamén estaba dispoñible na web corporativa www.somenergia.coop

Hora de inicio: 10:00 h en segunda convocatoria.

Hora de remate: 14:00 h

Listado de asistentes: 461 persoas socias. Véxase listado de asistentes en anexo.

Orde do día:

1. Elección das persoas interventoras da acta
2. Benvida
3. Memoria social e económica 2021
4. Contas anuais 2021
5. Informe da intervención de contas
6. Aplicación do excedente cooperativo 2021
7. Seguimento das mocións aprobadas até agora
8. Mocións Asemblea Xeral 2022
 - 8.1. Moción Asemblea Xeral 2022. Excedentes de autoconsumo
 - 8.2. Moción Asemblea Xeral 2022. Tarifa social
 - 8.3. Moción Asemblea Xeral 2022. Autoprodución compartida en rede exterior
9. Documento marco para a xestión da diversidade lingüística
10. Retorno da diagnose de participación
11. Retorno Plan de acción 2021
12. Tipo de xuro anual ás achegas voluntarias ao capital social

- 13.** Tarifas eléctricas 2021 - 2022. Mercado libre e Generation kWh
- 14.** Ratificación das emisións ao capital social
- 15.** Modificacións estatutarias
 - 15.1.** Modificacións estatutarias. desenvolvemento da web corporativa (artigos 4, 10, 38, 55 e disposición adicional 4ª)
 - 15.2.** Modificacións estatutarias. Adaptación á normativa (artigos 19, 29 e 32)
 - 15.3.** Modificacións estatutarias. Obxecto social (artigo 2)
 - 15.4.** Modificacións estatutarias. Comunidades de bens como socias (artigo 5)
 - 15.5.** Modificacións estatutarias. Acordos de admisión por parte do Consello Reitor (artigo 23, 36 e 44)
 - 15.6.** Modificacións estatutarias. Aprobación do Regulamento de Réxime Interno por maioría simple (artigo 40)
 - 15.7.** Modificacións estatutarias. Renovación dos integrantes do Consello Reitor (artigo 45)
 - 15.8.** Modificacións estatutarias. Procedemento de altas e baixas de persoas socias (artigo 13)
- 16.** Renovación de cargos do Consello Reitor
 - 16.1.** Renovación de cargos do Consello Reitor Ratificación de Albert Clusella
 - 16.2.** Renovación de cargos do Consello Reitor Instrucións para a presentación de candidaturas
- 17.** Presentación do Plan de acción 2022
- 18.** Aprobación do Orzamento 2022
- 19.** Facultar ao Consello Reitor para executar e inscribir os acordos adoptados
- 20.** Despedida

1. Elección das persoas interventoras da acta

O presidente solicita dúas persoas voluntarias como interventoras da acta da Asemblea. Escóllense as seguintes socias: Salomé López Ramos e Josep Frigola Rosó.

2. Benvida

Preside esta Asemblea Xeral 2022 o Sr. Jaume Josa, quen a declara inaugurada e dá a benvida a toda a base asociativa. Exerce de secretario da Asemblea Borja Barredo.

O presidente comeza lembrando o momento único que significa a Asemblea, porque representa o espazo de toma de decisións importantes para a cooperativa, de xeito democrático, baixo o criterio de «unha persoa socia, un voto». A Asemblea ofrece a posibilidade de informarse para que o voto sexa consciente, pero tamén para que o Consello Reitor renda contas do realizado durante o ano anterior, ademais de explicar o que vén o vindeiro ano.

Informa de que este ano a votación realizarase de xeito telemático para todas as persoas asistentes. As persoas que están en Xirona terán un espazo habilitado fóra e haberá compañeiros e compañeiras que axudarán se cómpre. Tamén lembra que, para as persoas que nos seguen dende casa, temos interpretación simultánea ás catro linguas do estado: catalán, castelán, éuscaro e galego. Polo tanto, pódese seguir a Asemblea en calquera momento na lingua que prefiran e, ao mesmo tempo, de acordo coa política lingüística da cooperativa, as persoas que falen poden facelo na lingua na que se sintan máis cómodas.

Tamén informa de que se pon a disposición un punto violeta para poder denunciar calquera caso de abuso dende a perspectiva de xénero. Ter estes puntos violeta é un elemento de protección, de prevención e de visibilización do noso posicionamento e o noso compromiso. Polo tanto, se alguén se sente incómodo por mor de sexo ou acoso sexual, tense que por en contacto con alguén que leve esta chapa de cor violeta. A cuestión é tamén protexernos de calquera acción machista ou patriarcal e de actitudes condescendentes.

O presidente explica os horarios da xornada.

O presidente admite todas as solicitudes de representación de voto solicitadas por escrito.

Nome da persoa socia	Representante
Roser Tosas Hernandez	Joan Rubio Montells
Ferran Mozas i Banzo	Caterina Alsina Parnau
Anna Vicente Farran	Enrique José Elejalde Martínez de Pancorbo
Carles Cuadern Codina	Quim Ruiz Querol
Francesc Agullo i Torres	Jaume Aliaga
Olga Bas Lay	Albert Cugat Pedrerol
Tania Ribes Parera	Sebastia Ribes garolera
Glòria Gratacòs Cases	Mar Clemente Gimeno
Jose Luis Fernandez Reyes	Raul Fernandez Coronil
Fernando cordero muñoz	Macarena Luque
María Dolores Domínguez Malmagro	Cristina Arcos Fernández
José Manuel Betanzos Martin	Pilar Herrera Martínez
Germán Encina Pascual	Juan José Estévez Gil de San Vicente
Lorena Torró i Garrido	Salomé López i Ramos
Antonio Michelena	Carme Sala
Rosario (Charo) Baquero Mesa	Amalia Suárez Cortés
Ángel Sáez Ramírez	Rosario Alcantarilla Ramos

Toma a palabra Irene Machuca para agradecer a todas as cooperativas e empresas locais que nos dan apoio: a MultiSignes, polo soporte na lingua de signos; a Claraboia, polo soporte dixital; a Konexiona, polo soporte documental, e a Olistis, pola tradución e interpretación. Grazas tamén a todos os grupos locais que organizaron sedes para poder gozar deste día en compañía. Tamén dá as grazas a todo o equipo técnico que fixo posible o encontro; ás súas compañeiras e compañeiros do Consello Reitor, e a todas as persoas socias asistentes.

Irene Machuca comentaba que xa está aberto o panel de votacións e que se pode votar ata as 13:15 h. Indica que se poden atopar todas as instrucións na web da Asemblea e comunicar calquera dúbida a través do Participa, na sección de comentarios dos diferentes temas publicados na Asemblea. Tentarase dar resposta a todas esas dúbidas.

3. Documentación vencellada

Toda a documentación posta a disposición das persoas socias está dispoñible na web <https://Asemblea2022.somenergia.coop/>

4. Memoria social e económica

Irene Machuca expón este punto informativo. En 2021 sumáronse á cooperativa 9300 persoas socias. A finais de 2021 eramos xa máis de 77 500 persoas. Tamén se deron de baixa 794. Destas persoas cooperativistas, 73 000 son particulares, 2300 son empresas, 613 son asociacións e fundacións, 340 son cooperativas, 120 son administracións públicas e 1000 cooperativistas son doutro tipo. En total, eran 77 528 persoas socias a finais de 2021.

No eido da vida cooperativa, puxemos en marcha novas formacións na Aula Popular: formacións sobre cooperativismo, a segunda edición de Órganos de Goberno da Cooperativa e formación sobre consumo crítico. Tamén publicamos o Manual de estilo de Som Energia, celebramos a décima edición da escola de Som Energia e en outubro abrimos as achegas ao capital social para facer fronte á situación financeira e reforzar a tesourería para afrontar as dificultades do mercado eléctrico. A primeira semana conseguíronse 5 millóns de euros e a terceira xa tiñamos 10 millóns. Actualmente xa superamos os 15 millóns que tiñamos como obxectivo. Irene Machuca subliña tamén que en novembro comezamos a elaborar as mocións para a Asemblea que hoxe se someterán a votación. Continúase a traballar na implementación de ferramentas para abordar a diversidade lingüística, ofrecendo a posibilidade de expresarnos e de entendernos nas catro linguas.

No eido da comercialización, comercializamos un volume de electricidade de case 430 000 MWh, que corresponde a dar servizo a 133 000 contratos. Destes contratos, 120 500 pertencen a particulares; 5700, a empresas; 2.100, a asociacións e fundacións; 561, a cooperativas; 550, a administracións públicas, e 3800 son doutro tipo. Continuamos a dar consellos para protexer as nosas instalacións eléctricas e aforrarnos sustos e cartos. Seguimos a ofrecer o servizo de Infoenerxía para que todas as persoas socias estean informadas e poidan optimizar os seus consumos.

En xuño de 2021, aprobáronse as novas tarifas 2.0TD para os contratos domésticos e pequenas empresas, e tamén as novas tarifas para os contratos de máis de 15 kW ou de alta tensión, a 3.0, a 6.1, 6.2, 6.3 e 6.4. Tivemos que actualizar as nosas tarifas tres veces este ano: en abril, setembro e novembro.

Unha das cousas importantes que cómpre destacar deste ano é que, en xuño, o Goberno español aprobou baixar o IVE do 21 ao 10 %, como medida para reducir a factura dos consumidores. Isto foi unha das causas que nos supuxo tanta tensión de tesourería, xa que nós seguíamos a mercar a electricidade ao 21 %, porén, só recibíamos o 10 % nas nosas facturas. Por isto e por outras circunstancias tamén do mercado eléctrico, en decembro tivemos que presentar algunhas medidas para facer fronte a esta situación excepcional co obxectivo de conter o volume de enerxía comercializada e equilibrar os ingresos cos gastos. Afortunadamente, hoxe en día parece que estamos xa en equilibrio e, se non o fixemos aínda, axiña volveremos a abrir os formularios para que quen queira seguir contratando a luz con Som Energia teña a posibilidade de facelo.

Canto á produción renovable, en 2021 producimos 18 823 MWh, o que se corresponde cun 4,4 % da enerxía que comercializamos. Cómpre tamén salientar que en agosto entrou en funcionamento a planta fotovoltaica de Llanillos, en Granada, e que en decembro rematamos as obras fotovoltaicas de Asomada Solar, da nosa planta en Murcia. As nosas plantas de produción renovable están distribuídas por todo o territorio e, malia a maior parte son fotovoltaicas, tentamos abranguer outras tecnoloxías, como a hidráulica, a eólica e o biogás. Temos oito plantas en Cataluña, cinco en Andalucía, unha en Murcia, unha en Valencia, dúas en Castela-A Mancha e unha na Ríoxa, que está en tramitación.

Tamén cómpre destacar que, en febreiro, conseguimos rematar o financiamento para os tres proxectos de xeración renovable mediante o noso proxecto do Generation kWh, no que 4615 persoas investiron un total de 4 500 000 de euros para producir un total de 7,8 GWh. E non podemos esquecer, no tocante á produción renovable, as compras colectivas de autoprodución impulsadas polos grupos locais. En 2021, impulsamos 46 compras colectivas nas que se inscribiron 3700 persoas para por en marcha 1800 instalacións cunha potencia instalada de 5,4 MWh e unha produción anual de 7,5 GWh.

Todas as novas relacionadas coas compras colectivas pódense consultar nas ligazóns da memoria social e económica que se pode descargar da web da Asemblea. Só convén subliñar que, por cada compra colectiva, a empresa instaladora comprométese a instalar outra de balde. Ademais, este ano cómpre destacar a compra colectiva de Sol-Sur, de Andalucía Occidental, que doou a súa instalación ao Centro de Acolida de Persoas sen Fogar AFAR.

Canto aos datos económicos, da actividade de comercialización temos unhas vendas de 79 millóns de euros, que nos dan un resultado de case 1,3 millóns. E da actividade de xeración, 1,7 millóns de volume de venda para un resultado de 250 000 euros.

En 2021, as persoas que traballan en Som Enerxía son xa 105: 49 mulleres, 55 homes e unha persoa non binaria.

Canto á incidencia social, continuamos a incrementar os ingresos por donativos voluntarios, que en 2021 roldan xa os 700 000 euros. Investimos no encontro virtual dos grupos locais que se celebrou en febreiro, na décima edición da Escola de Som Enerxía, no servizo de Infoenergía e en seguir a impulsar o eido de xeración da cooperativa. Tamén celebramos a quinta edición do Germinador Social, no que participaron 16 proxectos, 6 dos cales saíron premiados (dous no eido de pobreza enerxética). Salientamos o que promoveu o persoal da Axencia Andaluza da Enerxía, o Autoconsumo Colectivo para Fogares Vulnerables e a Cañada Solar (promovido por Light Humanite, na Cañada Real de Madrid). Na categoría de comunidades enerxéticas se premiaron catro proxectos: o de La Fresneda, en Teruel; o de Solidarizando o Sol, da posta en marcha dunha comunidade enerxética nunha escola do Cabañal de Valencia; a Cooperativa La Raval: Sostenim la vida!, de Manresa, e o proxecto Viure de l'Aire, de Barcelona.

Tamén como incidencia social, fomos ao Senado a falar de transición enerxética. Adherímonos ao comunicado «Unha lei do clima insuficiente, unha oportunidade perdida». Sumámonos a outras cooperativas (como Som Connexió e Som Mobilitat) para crear o Ecosistema IT, unha alianza tecnolóxica de cooperativismo, grazas ao programa Proyectos Singulares, da Generalitat de Cataluña.

Impulsamos a segunda edición do proxecto Transicionenergetica.cat, no que este ano participaron 20 empresas, ás que axudamos a reducir as emisións. Tamén nos concederon o primeiro premio da Economía Social Europea na categoría de Transición Verde. Integramonos tamén na Unión Española Fotovoltaica.

En relación cos grupos locais, dos 57 que temos en total, dous sumáronse en 2021, nove aventuráronse a impulsar comunidades enerxéticas e 40 impulsaron unha compra colectiva en 2021. Estes están distribuídos por todo o territorio, como se pode ver no mapa.

Queremos destacar a actividade dos grupos locais, que son o alma da nosa cooperativa, para promocionar o proxecto de Som Energia por todo o territorio. As súas actividades son moi diversas: charlas de difusión, xuntanzas, organización das Asembleas locais e puntos de información, atención aos medios de comunicación, impulso de comunidades enerxéticas e de compras colectivas, establecemento de convenios con outras entidades da economía social e moito máis. Os nosos grupos locais están aí para apoiar calquera iniciativa que xurda.

Hai moitas novas destacadas, que se poden ver na web da Asemblea, descargando a presentación da memoria social e económica.

Ademais dos grupos locais, estruturámonos por medio das persoas socias repartidas por todo o territorio. Hoxe, a Asemblea é o máximo órgano da vontade da cooperativa, formado por todas as persoas socias. Lembramos que se rexe polo principio de: «unha persoa, un voto». Hoxe é o día para exercer o noso dereito. Canto ao Consello Reitor, que o escolle a Asemblea Xeral, encárgase de ter conta da misión e os valores de Som Energia e de que se leven a cabo os acordos que se tomen na Asemblea. Lembremos que se trata dun cargo voluntario e non remunerado. E grazas á confianza que o Consello Reitor delega na Xerencia, o equipo técnico leva a cabo a actividade empresarial da cooperativa.

Para rematar, lembramos que o noso ciclo democrático, o noso calendario democrático, comeza e remata na Asemblea. Dito doutro xeito: comeza e remata hoxe. Distribúese máis ou menos nun curso escolar: entre setembro e outubro celebramos a nosa Escola; de novembro a xaneiro temos tempo para preparar e presentar mocións que queiramos levar á Asemblea; en febreiro atopámonos no Encontro de Grupos locais, e de febreiro a maio imos traballando nas mocións que se presentaran para podelas levar á Asemblea.

5. Contas anuais 2021

Albert Banal explica este punto, que se leva a votación:

O obxectivo desta presentación é ver como o que explicou Irene se traduce nas contas anuais para o ano 2021, é dicir: ata decembro do ano pasado. Noutro punto falarase do orzamento de 2022 e das previsións para este mesmo ano. Cómpre lembrar tamén que, na Asemblea, a presentación inclúe puntos con «v», que son puntos que se teñen que votar, e puntos cun «i», que son informativos. É importante distinguir entre ambos.

Comézase falando dos resultados económicos do 2021.

O ano 2021, no tocante a resultados económicos, foi bo. En termos de comercialización, tivemos un beneficio de máis de un millón de euros. Na parte de xeración, as nosas plantas funcionaron axeitadamente. Tamén medramos na parte de representación, que iniciamos hai tempo.

Así e todo, a segunda metade do ano 2021 e o que levamos de 2022 foi un período complicado, non só en termos de solvencia, senón tamén de liquidez, de cartos correntes. Isto débese, como explicamos xa nalgunhas sesións informativas, a diversas razóns. Como explicou Irene, en primeiro lugar, está o diferencial do IVE que tivemos que adiantar dende a cooperativa, o que significaba que, a finais de 2021, Facenda debíanos uns 8 millóns de euros. En segundo lugar, houbo atrasos na facturación das distribuidoras que non pasaban as lecturas, o que nos impedía facturar. En terceiro lugar, houbo un incremento dos prezos da enerxía. Como cooperativa, mercamos a enerxía en cada momento, pero cobramos a electricidade que vendemos hai un mes e, se os prezos soben, isto representa unha gran diferenza e estes cartos téñense que adiantar. Ademais deste aumento de prezos, tamén houbo un aumento das garantías. Todos estes factores significaron que tivemos que adiantar moitos cartos como comercializadora. Pero non só nós, senón tamén o resto das comercializadoras. E foi un ano realmente moi difícil.

Albert Banal subliña o feito de que se tomaron moitas medidas grazas ao traballo realizado polo equipo técnico neste ano tan complicado. Entre estas medidas cita o aumento de tarifas, a emisión de capital social coa que recadamos máis de 15 millóns de euros de máis de 7000 persoas, e accións como o aumento da débeda tras negociacións con entidades financeiras, coma o Instituto Catalán de Finanzas, para aumentar os empréstitos e as pólizas de crédito.

Preséntase unha gráfica na que se observa o aumento de prezos no ano 2021. Vemos o prezo da electricidade nos distintos meses con este aumento destacado, que non é o prezo que nós pagamos, porque en Som Enerxía tamén temos xeración propia e coberturas e cubrimos estes posibles aumentos do prezo. E o que aparece en verde é o prezo que pagamos como cooperativa pola enerxía comercializada, que foi aumentando.

No tocante ao balance de perdas e ganancias, vemos o aumento que houbo de vendas, de máis dun 10 %. O aprovisionamento da enerxía aumentou máis que as vendas e o que aconteceu é que a marxe de comercialización baixou de 7,6 a 6,3 millóns. Malia todo isto, o EBITDA –que é o resultado antes de impostos de amortización e outros resultados financeiros– dobrouse. Pasamos de 938 000 euros en 2020 a 1 800 000 euros en 2021. Isto foi por varios motivos, pero centrarémonos no máis importante.

Antes de nada, subiu a masa salarial, pero fíxoo máis ou menos ao ritmo de crecemento da cooperativa. É dicir, un 15 %. Isto foi basicamente debido á contratación de persoal.

A gran diferenza estriba na parte de «Outros gastos da actividade». En 2020 eran de máis de 3 millóns de euros e este ano só son 800 000. Todos os detalles están dispoñibles na páxina web e tamén están resumidos na presentación que fixemos dende o Consello Reitor e o equipo técnico no EPAX, ese espazo de preparación da Asemblea no cal explicamos polo miúdo e con moito máis tempo todo o tocante ás contas. Só mencionaremos que semellante diminución débese a un cambio concreto na lexislación, que provocou que agora saibamos que non teremos que pagar o imposto de actividade económica en cada un dos municipios nos que estamos operando, mentres que en anos anteriores gardáramos arredor de 800 000 euros para este concepto, porque os concellos podían reclamarnos esta partida, co cal contabilizabámoslos como perda. Porén, agora sabemos que, a partir deste ano, só pagaremos un para toda a cooperativa, polo que este concepto xa non o incluímos. Pero ademais, o que gardáramos en anos anteriores baixo este concepto xa non o temos que gardar e, polo tanto, apuntámolo como ganancia. Isto é o que fixo que este concepto se reducise deste xeito. De novo, isto fixo que á parte doutros gastos, onde están incluídos os tributos, diminuíse deste xeito e, polo tanto, o EBITDA aumentase en relación co ano anterior. Tal e como explicou Irene, ao final, o noso resultado neto, é dicir, despois de impostos –aquí hai un erro, tería que ser resultado despois de impostos– é de 1,3 millóns de euros.

Resumido en termos de EBITDA, vemos o aumento en relación co ano pasado reflectido na táboa e no gráfico. Aquí temos uns anos máis de perspectiva e, como vemos, o EBITDA foi aumentando. Como sabedes, temos este mandato da Asemblea de fixar as tarifas e ir, como Consello Reitor, actualizándoas para chegar ao final do ano cun EBITDA de sobrevendas situado entre o 0,5 e o 2 %. Para o ano 2020 situámonos máis ou menos no medio deste abanico; no ano 2021 estivemos un chisco por enriba. Evidentemente, isto débese á incerteza que imperaba no mercado eléctrico, pero, como sabedes, a idea é sempre manter as tarifas en torno ou dentro desa marxe, entre o 0,5 e o 2 %. Ao final, o resultado neto da parte de comercialización está arredor dos 1,3 millóns de euros, unha cantidade que, como veremos despois, propoñemos imputar ás reservas da cooperativa, á actividade da cooperativa, e agardamos que tamén se poida destinar a novos proxectos de xeración.

O balance da cooperativa reflicte a situación final do ano 2020 e 2021. Vemos que aumentou moitísimo dende finais de 2020 ata finais de 2021. Isto débese a varios motivos ligados a este momento excepcional que vivimos. Na parte dos activos, un dos aumentos do activo corrente é o que nos debía o Goberno, a parte da débeda con Facenda que estivemos

cobrando neste 2022. Ademais disto, temos a parte de garantías, que tamén aumentou, como explicamos antes. Canto ao patrimonio, tamén medrou moito, en parte polas achegas voluntarias, é dicir, a emisión de capital social que fixemos a finais do ano 2021. A parte de pasivo tamén medrou polo aumento de empréstitos e pólizas deste final de 2021. Todo isto explica a situación do balance.

Ata o de agora, só falamos de comercialización, que é a actividade que ocupa a máis persoas dentro da cooperativa e tamén a que xera máis beneficios e máis actividade económica. Secasí, tamén está a parte de xeración. Aquí vemos a lista das plantas que están a xerar enerxía e as que están en desenvolvemento, que son todas –ou case todas– participadas ao 100 % por Som Enerxia.

Canto á representación, Irene xa mencionou o aumento da produción e dos ingresos das vendas das nosas plantas e, sobre todo, o aumento do prezo da electricidade. Aquí pódese ver o resultado, planta a planta, de todas e cada unha delas, e os resultados económicos están ao final. Ademais, hai un resultado en relación coa produción. En relación co obxectivo de produción, todas estiveron en torno ao 85 % ou 100 %, e algunhas mesmo alén do 100 %, agás a planta de Llanillos, que é a última que entrou en funcionamento. Fíxoo máis tarde do que esperábase e é por iso polo que quedamos un chisco por baixo do obxectivo. Ao final vese o resultado total da parte de xeración de todas estas plantas, que, combinado, é positivo. Temos un saldo positivo de case 300 000 euros.

Vemos que a parte de representación está medrando moi axiña. Representamos plantas, non só as nosas, senón outras no mercado. En 2020 representábase a 18 plantas, a finais de 2021 xa eran 39 e agora son case 70. É dicir: é unha actividade que vai en auxe. Non tanto no tocante aos beneficios obtidos, senón canto á diminución que supón en termos de depósito de garantías no mercado. Pódese ver o resultado combinado de toda a actividade das tres partes que mencionamos. E ao final, vemos o resultado neto total consolidado de todas as actividades da cooperativa, que rolda o 1 600 000 euros.

6. Informe da intervención de contas

Albert Banal explica este punto, que é só informativo:

Ante todo, agradece aos interventores a súa labor e toda a axuda que forneceron este ano na elaboración do informe, que está a disposición de todas as persoas socias na páxina web da Asemblea. Eles fan un resumo da actividade económica salientando os feitos máis relevantes e achegan unha serie de recomendacións, tanto estratéxicas como técnicas, á cooperativa. Comentan, e nós estamos de acordo como Consello Reitor, a necesidade de conseguir esta robustez financeira, porque vimos agora dunha crise, pero haberá máis. E unha das cousas máis positivas da crise que vivimos este ano, de todas estas medidas que pensamos, probado ou finalmente adoptado, é que nos axudou a estar mellor preparados

para o que poida acontecer no futuro, non só dende un punto de vista técnico, de IT, de comercialización, senón tamén económico.

Os detalles do informe de intervención de contas pódense consultar aí. En xeral, fálase da necesidade de proxectos de xeración, de autoconsumo, de comunidades enerxéticas, de PPA con terceiros, de tarifas indexadas e de representación de produtores. Moitas destas medidas xa están en marcha e dende o Consello Reitor non poderíamos estar máis de acordo con isto. Ao final, eles propoñen aprobar as Contas anuais que, como sabedes, sométense a votación.

7. Aplicación do excedente cooperativo 2021

Albert Banal explica este punto, que se leva a votación:

Houbo un beneficio neto da parte de comercialización de case 1 300 000 euros e o que propón o Consello Reitor é destinar integramente este cartos ao Fondo de Reserva da cooperativa. Hai unha parte de Fondo de Reserva que é obrigatoria, pero hai outra parte que está, por temas fiscais, separada nesta reserva de capitalización. Sen embargo, propoñemos que o resto, incluída a parte voluntaria, tamén se destine a este Fondo de Reserva da cooperativa. Este é un punto que se terá que votar.

8. Mocións Asemblea Xeral 2022

Toma a palabra Borja Barredo, que explica as mocións presentadas:

Explica que informará primeiro do estado no que se atopan as mocións aprobadas ata o de agora nas distintas Asembleas, e despois falará das mocións que se presentan nesta Asemblea do ano 2022 e da proposta de marco da diversidade lingüística traballada ata o momento.

Canto ás mocións aprobadas, foi un ano especialmente difícil, no que houbo que destinar case todos os recursos da cooperativa ao tema de tesourería e ao mercado eléctrico. E isto impediunos avanzar tanto como nos tería gustado nos temas de mocións.

Si que se traballou no tema da diversidade lingüística, que é un punto de votación desta Asemblea, que se explica a continuación. Tamén se traballou en colaboración co grupo das Palmas a moción en relación coas catástrofes naturais, onde se asumiron as facturas emitidas pola distribuidora dende setembro ata decembro de dez persoas da cooperativa. Esta moción que é un primeiro paso e que seguramente haberá que continuar desenvolvendo.

Como sabemos, a Asemblea do 2019 foi prolífica en mocións. Só nos detemos nas que están en curso e que xa foron executadas, que se explicaron en Asembleas anteriores, como é o tema da diversidade lingüística, que foi punto da Asemblea do 2019. Canto ás que están en curso, podemos subliñar as axudas a persoas afectadas por catástrofes naturais. Actualmente, quédannos pendentes as mocións en relación coas concesións hidroeléctricas, as renovacións das concesións ao oligopolio en relación con traballo de activismo, a inclusión da xestión de presas dentro dos obxectivos dos recursos renovables, e a reserva dun terzo de fondo educativo e promoción cooperativa para apoiar iniciativas locais de transición enerxética.

As mocións da Asemblea do 2021 con relación ao lobby fiscal de autoprodución tamén están pendentes aínda, así como a fotovoltaica flotante e estudar o impacto da centralización do equipo técnico de Som Energia.

Canto ás mocións que se presentan a votación nesta Asemblea, a primeira que se destaca é a de estudar que se pode facer cos excedentes de autoconsumo non compensados dos contratos da cooperativa, que é un tema que xa se tratou no Encontro de Grupos locais. O que se propón é estudar as posibilidades de desenvolvemento de xestión destes excedentes de autoconsumo non compensados. Tamén se propón como moción, o feito de estudar o desenvolvemento dunha tarifa social dentro do que é o eido da cooperativa como alternativa ao bono social, que, como é coñecido, non podemos comercializar por normativa. Outra moción está relacionada co desenvolvemento de autoprodución compartida en rede exterior, como proxectos de tamaño intermedio entre o que podería ser un proxecto de xeración como os que houbo ata o de agora na cooperativa e os temas de autoprodución que é fundamentalmente individual, malia que cada vez haxa máis autoprodución colectiva. Isto é o máis importante canto ás mocións deste ano.

9. Documento marco para a xestión da diversidade lingüística

Borja Barredo explica este punto, que se leva a votación:

Dentro de un dos puntos de votación, está o marco para a xestión da diversidade lingüística dentro da cooperativa, que está ligado na documentación da Asemblea. Sabemos que é un tema importante tanto para o Consello Reitor como para o equipo técnico e para a base asociativa, polo que merece a pena desenvolvelo. O camiño será longo, pero o que se propón para esta Asemblea é un documento sinxelo de reflexión que sirva de base e inspiración para o desenvolvemento do tema. É un aspecto que tamén se traballou no Encontro de Grupos locais e nun EPAX previo á Asemblea.

É un marco que non parte de cero. Canto á normalización lingüística, un dos puntos de partida foi seguramente a moción de 2019. Está incluída no Manual de estilo da cooperativa

e atópase dentro do Código ético canto a diversidade en xeral e diversidade lingüística, en concreto.

A idea é contar cun documento breve e sinxelo que sirva para o desenvolvemento desta diversidade nos distintos eidos da cooperativa. Do mesmo xeito, preténdese que sexa a base para unha comunicación inclusiva e sempre respectuosa con todas as persoas. Nalgunhas ocasións poida que caésemos no emprego dunha lingua franca, a que, segundo o entorno, falase pola maioría das persoas, pero chegouse a reflexión de que nestes espazos de homoxeneización pérdense matices e déixanse cousas polo camiño. Por iso, o que se propón é o desenvolvemento desta diversidade, porque as linguas forman parte do noso día a día, conforman a nosa realidade, indagan no que son as relacións interpersoais e, ademais, axudan a que as persoas se identifiquen cos fins da cooperativa e se desenvolvan dentro da cooperativa. Somos conscientes de que a diversidade fomenta a intercomprensión das persoas. Todo isto faise, ademais, para aumentar a empatía nas nosas comunicacións e no fomento da diversidade.

Fíxose unha enquisa entre a base asociativa e, maioritariamente, cun 41 % apostouse por esta diversidade lingüística. Traballamos neste marco nos espazos previos e no Encontro de Grupos locais e está dispoñible na web, para o seu posterior desenvolvemento. Do mesmo xeito, haberá que unificalo coa visión formadora que ten a cooperativa en xeral e en eidos máis específicos, como pode ser a Aula Popular. Tamén se enmarca na transformación social pola que apostamos.

Isto é un punto de partida. Previamente, tamén se realizaron consultas a entidades e persoas expertas neste tema e contamos con elas no desenvolvemento do traballo do grupo de traballo. Se alguén ve que falta algunha entidade, pode suxerilo no Participa, xa que é un proceso aberto. Seguramente, se sae adiante a moción e o marco, haberá que traballar o tema da diversidade nos distintos eidos, que sirva de desenvolvemento, por exemplo, nos espazos que igual temos máis traballados, como a Escola, as Asembleas e o Encontro de Grupos locais. Ademais, haberá que traballar en metodoloxías que sirvan para a pormenorización dos distintos eidos, como poden ser esta mesma Asemblea, que é comunicación síncrona, e tamén en espazos de comunicación escrita, asíncrona, e demais.

10. Retorno da diagnose de participación

Paco Jofra explica este punto, que é só informativo:

Estivemos traballando este punto durante o último ano con Altekio, co obxectivo, sobre todo, de coñecer a realidade das socias ou máis ben de validala. Xa coñecemos máis ou menos a nosa base asociativa, sabemos como nos estruturamos e, ao final, o que queremos é validalo para xerar novas propostas e saber canta participación temos, que calidade ten e como podemos ampliála.

A nosa metodoloxía foi organizarnos entre o Consello Reitor e o equipo técnico, co soporte da cooperativa Altekio, contando tamén coa participación de toda a base asociativa, os grupos locais e outras persoas que normalmente non están nos nosos espazos de participación. Fixemos unha enquisa a toda a base asociativa e conseguimos un 10 % de participación, con 6700 respostas.

No canto de enumerar o que validamos ou recoñecido (porque sería un chisco en clave negativa), centrarémonos nas propostas que fixo a base asociativa. As motivacións son claras: romper co oligopolio, pasar ás renovables e o cooperativismo. Pero tamén atopamos aspectos máis frouxo, como pode ser a perspectiva feminista ou o feito de ser unha cooperativa máis inclusiva.

A primeira proposta que se fixo é incluír a perspectiva feminista. Isto faise con formación en todos estes niveles da cooperativa: formacións sobre ecofeminismo, coidados, novas masculinidades e roles de xénero. Facemos formación máis dirixida a persoas que se cadra teñen que baixar o seu perfil, e tamén sobre novos liderado na cooperativa, sobre como facer que estes grupos locais teñan renovacións dentro da súa estrutura.

Canto á escaseza de mocidade na cooperativa é un aspecto que xa coñecíamos e que puidemos validar: vimos que dentro dos valores de Som Energia falta, se cadra, unha parte de acción climática. Dende a mocidade se cadra vemos algo máis reactivo –acción-reacción– e a parte de transición enerxética talvez sexa algo que se ve moi a longo prazo.

Cómpre ter en conta, tamén, que vimos de campañas de desinformación históricas dende o modelo enerxético oligopolista que vivimos actualmente. Basicamente, non sabemos mesmo nin ler unha factura e temos que traballar constantemente para revertelo. Som Energia ten un papel chave nisto e quere centrar moitos esforzos –ou como mínimo son unhas propostas– en facer formación e elaborar talvez unha guía de enerxía para que todas as socias teñan o léxico básico sobre como nos podemos relacionar non só coa nosa factura, senón tamén con todo o modelo eléctrico e enerxético.

Outro dos puntos un chisco frouxo que se identificou dentro da cooperativa é que medramos moito e moi rápido (xa somos máis de 80 000 socios), e quizás hai socias que non comprenden enteiramente ou non comparten todo o que é o modelo cooperativista ou de economía social. A intención aquí é abundar máis nisto.

Canto á parte de estrutura, temos espazos de participación moi diversos, pero detectamos algunhas carencias, como o feito de que unha persoa é un voto e que historicamente esta persoa, o titular da luz, foi o home da familia. Para loitar contra esta barreira o que propoñemos é ampliar o concepto de socio ou socia de un nivel unipersoal a unha unidade de convivencia para que todas as persoas poidan participar, malia que no tanto no voto final, senón nos espazos da cooperativa, como os grupos locais ou outros.

Alén disto, outro dos atrancos que detectamos e validamos na mocidade son os 100 euros de capital social obrigatorio. Para loitar contra isto xurdiron distintos formatos: unha posible rebaixa desta cota de 100 euros (non só para a mocidade, senón para toda a cidadanía en situación de precariedade) ou unha posible achega en cotas, como xa fan algunhas cooperativas irmás. Alén de todo isto, sabedes que tivemos grupos de traballo temporais moi a miúdo. Quérese forzar isto porque son espazos de participación, se cadra non con tanto compromiso como os grupos locais, pero que poden dar lugar a traballar con mocións pasadas, e tamén mocións en curso ou futuras.

No tocante aos grupos locais, que son o órgano de participación máis importante da cooperativa, o que fai falla —polo que detectaron os grupos— é máis formación continua. Tamén unha guía de boas prácticas de intercambio entre os grupos locais para ver o que funciona e o que non, e como se poden coidar mellor estes espazos para que haxa un bo relevo xeracional.

No eido de estrutura e gobernanza, destacamos a parte de autoprodución porque as socias están moi implicadas e nese senso, queríamos comentar que o equipo técnico sexa quen de axudar a superar as trabas administrativas que poidan xurdir cos temas de tramitacións e bonificacións, e dar ferramentas aos grupos locais para facilitar os procesos de compras colectivas. Evidentemente, tal e como piden as socias, temos que impulsar as comunidades enerxéticas para que sexan unha realidade dentro da cooperativa e dentro dos grupos locais.

Dentro da parte de procesos, moi brevemente, queremos subliñar que, se cadra, nos falta un proceso de acollida de todas as persoas que entran cun contrato, pasan a ser socias, pero talvez descoñecen todos os outros eidos nos que tamén poderían participar. Pídese, polo tanto, unha ligazón máis directa ou reforzada entre o equipo técnico e os grupos locais.

Canto aos canais de comunicación, temos moitos e son moi diversos, polo que precisamos explicar ás socias os que usamos. Empregamos Telegram cun balbordo constante e talvez deberíamolo ordenar un chisco e simplificalo. Valorouse, como algo que falta, o uso do Participa para debates activos, e non só para información.

Canto á intercooperación, queríamos salientar a proposta de crear comisións de universidade para formar escola, como se di nos clubs de fútbol. É dicir: atopar o xeito de dar esa formación e esa colaboración con outras cooperativas e entidades da economía social e solidaria, como os Proxectos Singulares, malia que se pide unha ligazón aínda máis estreita.

Canto á diversidade, é dicir, ao número de mulleres e persoas non binarias, cómpre ter en conta que vivimos nunha sociedade heteropatriarcal e que no mercado eléctrico sempre houbo unha maior presenza de homes. Polo tanto, temos que axudar a que haxa máis mulleres e outras persoas non binarias ou entidades diferentes que participen en Som Enerxía. En Som Enerxía só temos á persoa titular e queremos coñecer mellor a esas persoas, a esas socias, e saber que campañas de comunicación solicitan. Ademais, temos que facilitar a conciliación. Neste senso, queremos facilitar as identidades que adoitan asociarse a outras tarefas para que poidan participar máis activamente na toma de

decisións. Do mesmo xeito, no que respecta a mocidade, cómpre impulsar que se vencellen máis actividades ao cambio climático.

II. Retorno Plan de acción 2021

Sara Gutiérrez explica este punto, que é só informativo:

En 2021 arrastrábamose o impacto do Covid-19, con baixas, o traballo a distancia, diferentes cambios nas tarifas e as cuestións das distribuidoras que xa comentou Albert. Ademais, na última Asemblea, iniciouse un cambio organizativo baseado no modelo de xerencia que buscábamose dende había tempo. Este proceso de reorganización interna está motivado por unha situación externa difícil no tocante á comercialización. O que máis nos afectou é a mala xestión das distribuidoras: os problemas coa facturación, a demora nas lecturas, as lecturas erróneas... Todo isto afectou moito ao equipo. Ademais, houbo moitos contratos que pediron un aumento de potencia e, cando hai cambios de peaxes —e este ano houbo catro—, implica máis traballo, o que representou unha saturación e un estrés para o equipo.

Obtivemos máis autonomía dentro do mercado eléctrico. En 2021 rematamos de aclarar o protocolo interno para os impagados, e podemos dicir que non só o cumprimos, senón que tamén o melloramos, sempre tendo en conta as persoas en situación de vulnerabilidade ou de pobreza enerxética. Dentro do mercado eléctrico temos os PPA, unha estratexia na que tentamos avanzar. A finais de ano, debido á escalada de prezos, tivemos que regularizar os contratos das persoas non socias. Houbo que convidalas asociarse e, se non, pasalas á comercializadora de referencia dentro do eido de xeración. Esta é outra cota que nos axudará a ser menos vulnerables con esta escalada de prezos dentro do mercado que xa coñecemos. Consiste en aumentar a produción propia, é dicir, a xeración da cooperativa.

Foi un ano difícil, sobre todo en Cataluña. Malia que non nos limitamos a esta zona, si que é onde temos máis demanda e queríamos potenciar os proxectos. Houbo cambios reguladores, os puntos de conexión padeceron moita especulación e apareceron novos actores que frearon o proceso. Houbo moita especulación e un debate social en contra de moitos proxectos porque non todo o mundo traballa igual.

Canto aos retos en 2021, empezamos unha parte estratéxica coa cooperativa Tandem (que despois mencionamos para 2022). Estamos avanzando nesta proba piloto de autoconsumo con dous proxectos en Xirona e en Mataró para ter unha produción máis local. Seguimos coa autoxeración, a autoprodución e o autoconsumo. Esta é unha das partes da cooperativa que incrementa moi rápido. Estamos moi contentas porque o que queremos, precisamente, é ter a máis persoas que poidan asumir este traballo e que, deste xeito, poidamos seguir aumentando este autoconsumo, esta autoprodución. Polo tanto, esta parte únese ao impulso e á reflexión sobre as comunidades enerxéticas, que se mencionarán varias veces ao longo da mañá de hoxe.

Vemos aquí a evolución:

- 200 contratos/mes. Un 3,4 % do total de contratos de Som Energia son de autoconsumo e o resto provén de compras.
- Das 46 compras colectivas, 26 realizáronse en 2021 e hai 1800 en marcha.

Isto significa que, entre os contratos de autoconsumo e as compras colectivas, temos estes 19 GWh.

En 2021 realizouse a Guía de compras colectivas de autoprodución colectiva e empezouse a desenvolver o curso do Aula Popular de consumo compartido.

Canto ao financiamento, realizamos unha proba piloto con Fiare para financiar compras colectivas a través desta cooperativa e comezamos a establecer as bases do convenio coa rede de empresas instaladoras.

Canto ás comunidades enerxéticas, en 2021, vemos que foi un ano difícil para centrarnos nelas, pero empezamos coa reflexión estratéxica con Tandem e é o momento no que comezamos cos proxectos do programa Singulares da Generalitat. Os dous primeiros proxectos piloto están en Cataluña, pero o resultado será replicable en todas as zonas. Cremos que é un bo principio e un exemplo chave de intercooperación, como mencionaba Paco. Ademais, hai outros retos como a colaboración con K2K e a Aula Popular. Outra cousa que tamén comentaremos para o 2022 é o plan de comunicación de incidencias que en 2021 non se puxo en marcha, pero si que iniciamos a reflexión e esperamos que en 2022 sexa unha realidade.

Entre os retos do 2021, podemos citar a colaboración con Altekio para a diagnose explicada por Paco. Por fin puidemos reunirnos presencialmente cos grupos locais e, malia que non puidemos presentar as modificacións de réxime interno nesta Asemblea, si realizamos unha reestruturación e reflexionamos sobre o que queremos incluír nisto. Está ligado á ferramenta Participa.

Como conclusións, subliñar que foi un ano complexo interna e externamente. Houbo moitos cambios. Foi difícil abrir novas liñas porque estabamos a consolidar as actuais. Canto á participación, viñamos da resaca da pandemia e houbo pouca presencialidade, como vemos hoxe. Ademais, observamos que á xente gústalle poderse reunir tamén de xeito virtual. Somos conscientes do que piden as bases e despois, cando falemos de 2022, verase que a intención existe e que queremos abrir estas novas liñas para aumentar a autoprodución, a xeración propia e ser motores de xeración de comunidades enerxéticas.

12. Tipo de xuro anual ás achegas voluntarias ao capital social

Paco Jofra explica este punto, que se vota:

Despois de moito debate co equipo técnico e o Consello Reitor, tendo tamén en conta a opinión das socias e vendo como funcionan outras cooperativas irmás, queremos manter o 1 % do tipo de xuro anual ás achegas ao capital social voluntario, porque é unha cuestión de activismo; é dicir, consideramos que non é un produto financeiro, senón que serve para capitalizar a cooperativa con toda a súa base asociativa.

Este ano tivemos emisións de capital social voluntario: chegamos a 15,7 millóns de euros cunha participación de case 8000 persoas, é dicir, uns 2000 euros por persoa. Son achegas elevadas; sabemos que son moitos cartos e que non todo o mundo pode asumilo, só 7900 persoas. Polo tanto, non consideramos que deba ser un produto financeiro da cooperativa, polo que propoñemos non cambiar esta porcentaxe de xuro.

13. Tarifas eléctricas 2021-2022. Mercado libre e Generation kWh

Albert Clusella explica este punto, que é só informativo:

Durante o ano 2021 e nos primeiros meses de 2022, o tema do mercado eléctrico foi nova nos medios de comunicación e a palabra que destacamos é complexidade. Foi un ano moi complexo canto ás tarifas eléctricas dentro do mercado eléctrico e creemos que é interesante explicar como se fixan os prezos no mercado, como nos afectan na cooperativa, como o traballamos internamente, como marcamos as tarifas e que podemos facer.

Esta primeira diapositiva reflicte que o prezo que se fixa no mercado OMIE é o punto de encontro entre a demanda e a oferta. Canto maior sexa a demanda, máis sube o prezo, tal e como pasou estes últimos días coa ola de calor e o uso dos aires acondicionados. Este é un gráfico que comeza en xaneiro de 2021 e acaba nestes últimos días. Antes, cando os prezos non eran nova, o habitual era estar, no mercado da electricidade, entre os 40 e 60 euros por MWh. Agora, porén, chegou aos 200 e pico de euros por MWh. Houbo un primeiro pico en xaneiro de 2021 que coincidiu co temporal Filomena, e foi un escándalo nese momento. Era exorbitado porque estábamos afeitos aos 40, 50 ou 60 euros. Polo tanto, 95 euros por MWh xa foi un gran escándalo e, dende aquela, foi variando con flutuacións moi grandes. Isto dificultou moito poder prever cal será o prezo dos vindeiros meses.

A partir de Filomena, houbo un aumento con picos puntuais. Por exemplo, en decembro do ano pasado case 400 euros por MWh, 380 euros. Daquela, o Consello Reitor considerou que tería que tomar medidas drásticas se isto se sostiña no tempo. Pero ese prezo caeu. E agora

atopámonos ao inicio da guerra da Ucraína, cunha media de 545 euros, pero cunha punta mesmo de 700 euros. E xamais teríamos pensado chegar a ese punto.

Nesta imaxe reflíctese a complexidade deste ano e o estrés e a carga de traballo que supuxo para o equipo técnico. En Som Energia, como xa sabedes, temos tarifas fixas, malia que houbo que tocalas varias veces no último ano. Para poder traballar con tarifas fixas, mercamos a enerxía anticipadamente e, deste xeito, podemos prever o que nos custará nos vindeiros meses e ter unha boa previsión. Isto funcionou ben nos últimos meses de 2021, porque mercáramos moita enerxía para o cuarto trimestre de 2021 con prezos moi por baixo dos que marcou o mercado. Agora xa estamos a mercar a un prezo que se achega máis ao do mercado. Pero nós mercamos anticipadamente para poder revisar o prezo.

A tarifa que temos cando chega a factura, cando vemos os euros de KWh, está formada pola suma de varias partes. O que ten máis peso é o custo da enerxía e a primeira columna de cor verde. Despois, hai uns custos asociados, como son o bono social; os custos de axuste do sistema, que están regulados e que se teñen que pagar; os cargos e peaxes, que tamén están regulamentados, e despois hai unha parte que é a marxe de comercialización, que nos permite pagar os soldos do equipo técnico e poder estar en activo.

Ata estes aumentos tan importantes do prezo da enerxía, estes custos asociados (cargas, peaxes...) marcaban as grandes diferencias entre os períodos val e pico. Puidemos ver que, ao aumentar o prezo da enerxía, o que aumentou de xeito lineal son todas as tarifas, tanto as pico como as val. Por iso, malia que sexan os mesmos cartos por KWh, non temos a mesma proporción de antes, cando víamos que a tarifa pico era o triplo que a tarifa val.

Actualizamos a tarifa catro veces en 2021, pero, se engadimos as demais, en total, son sete actualizacións de tarifa. Isto é moi anómalo, porque antes tiñamos sempre un prezo fixo para todo o ano. Nalgúns casos actualizárase ao cabo de seis meses, pero o feito de ter que actualizalo tantas veces non é o normal e reflicte a situación no mercado eléctrico.

Esta é a evolución do impacto na factura do que sería un contrato medio estipulado dunha familia cun prezo, antes, de uns 53 euros. Obsérvase o impacto na factura, cun pico de 101 euros, e na columna de cor laranxa vense as medidas adoptadas polo Estado español para reverter este incremento e o seu efecto. O prezo teórico, se non tiveran reducido o IVE e outros impostos, tería sido de 101 euros; en cambio, o prezo modificado é de 87 euros. Como comentamos antes, isto non foi de balde. Estas diferencias obrigaron á cooperativa a adiantar cartos para poder compensar as diferenzas.

Para estar no mercado, Som Energia, con estas compras anticipadas, pon cartos en garantías para poder estar en activo no mercado a través do OMIE, a organización que o xestiona. Antes, o normal era ter 1,3 millóns de euros destinados ás garantías, cando agora son 5 ou 6 millóns de euros inmovilizados para poder mantermos no mercado. Todo isto son as tensións de tesourería que se comentaron na Asemblea. Porén, grazas á achega voluntaria de capital social, que se abriu en outono perante a situación complexa do momento, puidemos facerlle fronte.

Creemos que é importante falar nesta Asemblea do mecanismo de axuste do gas. Cando se determina o prezo de casación, o gas non aparece. Daquela baixa o prezo de casación, pero haino que compensar coa diferenza de custo entre o prezo do gas e o prezo de casación e haino que aumentar en función disto. Nós mercamos enerxía por adiantado. Polo de agora o prezo está fixado para os vindeiros meses. Malia todo isto, xa recibimos novas sobre o tema do gas, cun efecto menor debido ao incremento das temperaturas. Pero vemos esta evolución.

Para rematar, temos que destacar que todo isto que explicamos era comercialización para os que non están en Generation kWh. Para os que teñen participación en Generation kWh, fíxose unha regulación agardamos aplicar para xaneiro de 2023. O prezo para o Generation kWh fixérase en 36 euros/MWh, moi por baixo dos prezos que hai agora, e comprobouse que isto non cubre o gasto das plantas. O prezo real calculouse e fíxose en 51 euros/MWh e, a partir de xaneiro de 2023, aplicarase ás persoas que están no programa. Ata o de agora, asumíamos esta diferenza entre todos, fósomos de Generation ou non, e a partir dese momento, serán só as persoas que estean en Generation.

14. Ratificación das emisións ao capital social

Ricard Jornet explica este punto, que se vota:

Despois da Asemblea Xeral do 2021, o Consello Reitor acordou facer unha nova emisión de achegas voluntarias ao capital social.

En outubro, fíxose a emisión de 15 millóns de euros e, despois, unha ampliación ata 25 millóns de euros. As decisións tomáronse nunha situación excepcional, cando os prezos da enerxía estaban disparados e iso estaba a xerar moita tensión de tesourería na cooperativa. Era unha decisión que se tiña que tomar con urxencia.

Estas emisións foron aprobadas polo Consello Reitor seguindo o que establecen as directivas fixadas pola Asemblea, pero os Estatutos da cooperativa establecen que o Consello Reitor non ten a potestade para facer estas emisións sen que as ratifique a Asemblea. Por iso hoxe o que traemos a votación é este punto: ratificar as emisións de capital social voluntario que se fixeron en outubro de 2021.

15. Modificacións estatutarias

Jaume Josa explica este punto, que se votará:

É un punto importante de votación. As modificacións estatutarias requiren dúas terceiras partes dos votos das persoas asistentes. O ano pasado, de todas as propostas que

presentamos, aprobouse só unha, que era a modificación do artigo 46, que permitía que o Consello Reitor puidera reunirse virtualmente. O resto quedou sen aprobar porque moitos dos asistentes non votaron os puntos de modificacións estatutarias, que son moi importantes. Así que este ano imos presentar oito preguntas: seis son repeticións de todo o que se presentara o ano pasado e dous son temas novos que traemos a esta Asemblea Xeral de 2022.

Durante o EPAG que se celebrou o 24 de maio para explicar de xeito didáctico todas estas modificacións, porque se tocan moitos artigos, agrupáronse os cambios en tres bloques. Un bloque que afecta á web corporativa; un segundo bloque que afecta aos cambios para adaptarnos á normativa, ás novas leis que xorden, e un terceiro bloque que inclúe modificacións de máis calado.

Podédelo ver nesta diapositiva. A pregunta un concirne ao bloque un. A pregunta dous ten que ver co bloque dous. Todo son modificacións do bloque dous. Finalmente, as preguntas da tres á oito están relacionadas coas modificacións de máis calado, e aí imos entrar un chisco máis en detalle.

Pedimos, polo tanto, que todas as persoas que entren hoxe a votar algo (o Consello Reitor, por exemplo) voten tamén as oito preguntas das modificacións estatutarias.

Unha modificación importante, de calado, recollida na pregunta 3, é a modificación do obxecto social de Som Energia, que ata o de agora só era a produción e comercialización de enerxía eléctrica. Estamos a ampliar este alcance de xeito substancial para incluír actividades de desenvolvemento, de enxeñería, de mantemento, etc. Todo isto facémolo para dar cobertura á potenciación das comunidades enerxéticas.

A seguinte modificación estatutaria, na pregunta 4, busca que as comunidades de bens poidan ser socias. Ata o de agora, podían ser socias de Som Energia as persoas físicas, coma nós, e tamén as persoas xurídicas —un concello, unha empresa, etc. Pois ben, agora estamos a propoñer modificar isto nos Estatutos. Este primeiro cambio, onde di «e outras que cumpran os requisitos», refírese ao feito de que as comunidades de bens poidan facerse socias de Som Energia. Se algunha cousa non está clara, podemos aclaralo no apartado de dúbidas e preguntas.

A quinta pregunta destas modificacións de máis calado quere dar máis marxe de manobra ao Consello Reitor para a admisión de achegas voluntarias ao capital social. Estas achegas voluntarias poderá fixalas agora o propio Consello Reitor, sempre que estean dentro do marco do que estea aprobado na Asemblea. Por iso compre modificar o artigo 36 e o artigo 44.

Aínda son preguntas que se presentaron na Asemblea do 2021. A pregunta seis refírese a permitir a aprobación por maioría simple de cambios no Regulamento de réxime interno. Ata o de agora, algúns aspectos de cambios no Regulamento interno requirían dúas terceiras

partes; agora vaise permitir que aquelas modificacións que permita a Lei de Cooperativas se aproben cunha maioría simple.

As dúas últimas preguntas, a sete e a oito, son modificacións que se presentan en esta Asemblea do 2022 por primeira vez.

Unha é a modificación do artigo 45. Aquí houbo debate abondo dentro do Consello Reitor, porque o ano pasado houbo un empate entre dúas persoas candidatas ao CR. Por iso decidimos que tiñamos que mirar como o resolvíamos para que, en caso de empate, se poida tirar adiante coas propostas de xeito automático, é dicir: que haxa unha normativa nos Estatutos que nos permita decidir. Xa que logo, decidiuse facer cambios neste artigo 45, de tal xeito que o xénero sexa un criterio. Se dúas persoas empatan, o xénero menos representado no Consello Reitor será o que elixa, é dicir: a persoa dese xénero terá preferencia. Se esta condición non abondase para decidir, daquela aplicarase a persoa con máis antigüidade como socia. O rexistro de cooperativas aínda nos obriga a por o seguinte engadido: «En caso de que estes criterios, polo motivo que for, non fosen abondo, repetiríase a votación dentro da mesma Asemblea».

A oitava pregunta ten que ver cun cambio que afecta ao artigo 13 e que está relacionada co procedemento. Quérese axilizar o procedemento de altas e baixas de socias, de xeito que se aproben non polo Consello Reitor en pleno, senón por unha Comisión Delegada do mesmo, integrada por dúas persoas do Consello Reitor. Deste xeito, a Comisión Delegada podería aprobar altas e baixas de socios cada 15 días.

16. Renovación de cargos do Consello Reitor

Ricard Jornet intervén para explicar este punto, que se votará:

O 2 de outubro de 2021, o Consello Reitor designou por unanimidade e con carácter provisional a Albert Clusella Vilaseca como membro do Consello Reitor. Esta designación realizouse en aplicación do artigo 56.2 da Lei de Cooperativas e en substitución de Mario Andrés López, o mandato do cal se estendía ata o 24 de maio de 2023. Albert Clusella declarou que non incorría en ningunha incompatibilidade nin prohibición ningunha para formar parte do Consello Reitor. Todo, polo tanto, fíxose de conformidade cos procedementos da Lei, e o seu nomeamento rexistrouse no Rexistro de Cooperativas. Porén, segundo a Lei de Cooperativas, este nomeamento debe validalo a Asemblea e por iso sometémolo a votación. Se non quedase aprobado, daquela deberíamos designar a outro socio.

Canto aos novos membros do Consello Reitor que se van escoller, recibimos oito candidaturas, pero unha retirouse durante o proceso. Lembrede o encontro cos socios no EPAX, onde se puideron coñecer as candidaturas e falar coas persoas. Estamos moi agradecidos e ledos de que finalmente haxa sete candidaturas e de que haxa diversidade.

Para a cooperativa é moi importante a diversidade de xénero e tamén doutros tipos. Queda moito traballo que facer, aínda nos falta un treito, pero imos avanzando, estamos a traballar e centrándonos na diversidade. Polo tanto, quería agradecer moito as candidaturas a María Jesús Urruti Lebrero, a Aina Barcelo Cuerda, a Carolina Coll Marquès, a Jaume Riera Codina, a Montserrat Sagarra Fitó, a Josep Torné Albi e a Andrés Vargas Beato. Pódese atopar máis información no espazo de votación, no Participa. Alí, poderedes ver os vídeos que fixeron das súas candidaturas e votar de conformidade cos requisitos do espazo de votación. Son tres votos, porque hai tres vacantes no Consello Reitor.

17. Presentación do Plan de acción 2022

Sara Gutiérrez explica este punto, que é só informativo.

Seguindo na liña do 2021, vimos que foi un ano duro. Polo tanto, uno dos obxectivos do 2022 é fomentar o benestar das persoas do equipo técnico. Por outra banda, queremos reorganizarnos internamente para mellorar en eficiencia. Outro obxectivo é incrementar o número de persoas que formamos parte desta transformación enerxética, deste cambio de modelo. Nacemos para isto. Gañar autonomía dentro do mercado eléctrico Xa vemos o que supón depender dun mercado así e queremos sen dúbida desenvolver o plan estratéxico da cooperativa.

Para fomentar o benestar das persoas do equipo técnico temos que reducir o estrés que padecen, instaurar un modelo individual e dos equipos e desenvolver un plan de formación. Tamén comezamos a traballar para instaurar un novo modelo de teletraballo e queremos revisar o modelo salarial. Como mencionábamnos, estamos a levar a cabo unha reorganización interna que continuará nos vindeiros anos, e que ten por obxectivo final ser máis áxiles, adaptables, resilientes e sostibles. Queremos mellorar os indicadores para as persoas socias canto á atención, a calidade, a eficiencia en todos os eidos. É imprescindible nun momento como o actual facer un salto tecnolóxico en todos os eidos, pero en especial no que concirne á actividade maioritaria da cooperativa, que é a comercialización. E tamén na parte de xestión económica, que xa vistes no balance a cantidade de millóns de euros que movemos. Polo tanto, o salto tecnolóxico é imprescindible nestes momentos de crecemento.

Canto a aumentar o número de persoas que participan no proxecto de transformación enerxética de Som Enerxía, o que queremos é ter un impacto na sociedade. É indispensable, polo tanto, situarnos como unha ferramenta de transformación a escala estatal e por iso tamén é indispensable un plan de comunicación. Trátase dunha das prioridades deste ano. Temos que construír comunidade e capacitar a cidadanía. De aquí vén tamén ese traballo que comezamos en 2020-2021, e que presentou Paco no punto relativo á diagnose da participación, sobre como aumentala. É moi importante porque non somos unha comercializadora tradicional: temos un valor engadido que reside na participación e que, polo tanto, debe aumentarse. Temos que dotarnos de ferramentas e servizos que dean resposta aos retos emerxentes. Aquí xurde de novo a comunicación, porque a través dela podémonos dotar de ferramentas de difusión que nos permitan chegar a máis persoas.

Tamén é de suma importancia o programa de proxectos Singulares, que se mencionou varias veces e que versa sobre as ferramentas tecnolóxicas para impulsar comunidades enerxéticas.

Por último, non hai que esquecer os grupos locais, as persoas socias activas, xa que son as que inciden no territorio e precisamente son núcleos nos territorios. E como vimos, estes núcleos potencian e modifican a autoprodución e a comunidade enerxética. As comunidades enerxéticas estanse a crear dende os grupos locais.

O noso papel como Som Energia, e este ano esperamos seguir avanzando neste servizo, é definir cal é a visión da comunidade enerxética como colectivos, ou unidades de vida, onde se comparta non só a produción, senón tamén a organización e o uso de moitos outros recursos. Por iso non falamos só de enerxía, senón de mobilidade, de alimentación, de vivenda, de coidados. Todo isto tense que facer de xeito cooperativo, descentralizado, para acadar a soberanía e un impacto positivo no xeito de vivir no territorio. A nosa idea como Som Energia é acelerar a creación de comunidades. Queremos crear ferramentas que sexan escalables para poder fornecer apoio, superar os atrancos administrativos e técnicos, de mantemento. Sen dúbida, o proxecto piloto de Singulares constitúe unha ferramenta para comezar e para ver os resultados que podemos recadar, xa que consiste en xerar ferramentas para xestionar os procesos das comunidades enerxéticas, e crear unha guía.

Temos que aumentar a xeración propia, o autoconsumo e a creación de comunidades enerxéticas, abrir novas vías de aprovisionamento a través de PPA, aumentar a tarifa indexada, así como o servizo de representación. Todas estas accións teñen que ver co mesmo, que é gañar autonomía. Gañar autonomía dentro do mercado eléctrico para ter que mercar menos enerxía. Dentro da estratexia de xeración, a idea é que para 2026 teñamos un 20-30 % de xeración con plantas propias. Isto supón unha primeira planta de funcionamento no 2022, dúas no 2023, e así sucesivamente. Entre catro e seis plantas por ano ata chegar ao final do 2026.

Canto ao autoconsumo, temos que dicir que quedado curtos cos obxectivos, porque actualmente xa temos 6100 contratos e uns 29 GWh. Polo tanto, imos aumentar estes datos aínda máis. É unha moi boa nova porque canta máis autoprodución teñamos, menos enerxía teremos que mercar no exterior. En relación cos PPA, queremos ampliar esas vías de aprovisionamento. A proposta é chegar a 16 000 MWh/ano. O mesmo acontece coa tarifa indexada: empezamos con contratos de máis consumo e a proposta é continuar con estes contratos e poder amplialos tamén aos contratos domésticos. É un primeiro paso para a flexibilidade. Ao final, é outra acción que contribuirá a depender menos da volatilidade que existe no prezo. Asegurámonos máis internamente.

E no servizo de representación a idea tamén é ir aumentando os MWh que representamos. Que supón isto? Por unha banda, permítenos reducir as garantías de Som Energia. Na comercialización de enerxía eléctrica, pagamos semanalmente, pero cobramos a mes e medio. Co servizo de representación o efecto é o contrario. As garantías van ao noso favor, cóbrase semanalmente e págase a mes e medio. Polo tanto, a idea sería chegar a eses

25 000 MWh/ano. Cando falamos de desenvolver o plan estratéxico da cooperativa este ano poderíamos dicir que en 2021 xa comezamos a elaborar o plan estratéxico coa axuda da cooperativa Tandem. Os catro grandes eixos estratéxicos para os vindeiros catro ou cinco anos son a xeración, a autoprodución, as comunidades enerxéticas e a xestión da demanda. E as catro pancas que nos permitirán chegar a cubrir os eixos estratéxicos son a gobernanza, a participación, a dixitalización e a presenza. Cando falamos de presenza referímonos a como Som Energia forma parte deste reto.

E, para rematar, teremos que definir o modelo de crecemento. Vimos, por exemplo, que con toda esta dependencia que aínda temos do mercado eléctrico, o feito de medrar en número de contratos ou en cantidade de enerxía que temos que mercar non sempre resulta favorable. Polo tanto, teríamos que volver a debater sobre os modelos de crecemento que queremos establecer.

18. Aprobación do Orzamento 2022

Jaume Josa explica este punto, que se votará.

Preparamos o orzamento de 2022 a principio do ano e nese momento empregábanse unha serie de supostos que o sustentan (comercializar, por exemplo, 466 GWh, un crecemento do 7,7 % en comercialización, aumentar os contratos a 139 000). Hoxe a situación é diferente: dificilmente imos chegar a 139 000. Agora mesmo son 125 900, así que perdemos case 8000 contratos dende o ano pasado. Esta é a realidade: temos menos contratos e a estratexia de reducir o prezo da luz non sabemos como vai a ser. Houbo un pico en marzo de máis de 700 euros, pero a situación é aínda moi incerta. Como antes presentou Albert, pechamos o 2021 con case 80 millóns. O target, o que criamos a principio de ano para 2022, chegaba aos 170 millóns porque mercamos a luz ou a electricidade a un prezo moito máis caro.

Como feito salientable de 2022, persiste esta crise nos prezos da enerxía, agravada pola guerra da Ucraína, pero que continúa por moitos outros motivos. Así como en 2021 nos centramos en mellorar as achegas voluntarias, a estrutura financeira da cooperativa, neste 2022 centrámonos en reducir o volume de KWh comercializados porque iso facilítanos tamén a situación, minimiza o risco ao ter que mercar menos enerxía.

Durante este primeiro trimestre de 2022 e parte do segundo, adoptamos medidas drásticas para facer fronte á situación do prezo de mercado. Unha delas foi pechar os contratos, unha medida que xamais adoptaríamos noutras circunstancias. Tamén regularizamos 7400 contratos aos que non había vencellada persoa socia ningunha, dando a opción de asociarse ou de vencellarse a unha persoa socia. Así aumentouse en máis de 4000 o número de socias, pero houbo 3000 persoas que se deron de baixa. Solicitouse aos contratos con grandes consumos que fixesen o pagamento dun depósito para suavizar as tensións de tesourería que tiñamos na cooperativa. Ampliamos a emisión de capital social que o ano pasado estaba en 25 millóns, e hoxe está en 15 700 000. O obxectivo é amplialo ata 30

millóns de euros e seguir negociando con entidades financeiras varios produtos que nos axuden a minimizar a tensión da tesourería.

Como dicíamos, a incerteza continúa. En marzo acadouse un pico de 700 euros, pero debemos ter en conta que o límite no prezo da luz está entre -500 e +3000 euros/MWh. No gráfico que nos presentaba Albert antes, vimos que as compañías que ofertaban a súa produción hidroeléctrica normalmente ofertában a un prezo máis alto. Ninguén pode poñerlles límite ningún. A isto chámase especulación porque poden por 1500, pero poderían por 1800, ou 2000. Agora mesmo o tope está en 3.000 pero dificilmente o prezo da luz vai baixar.

A previsión de peche para 2022 –e isto é máis importante– agora mesmo é de que non chegaremos aos 170 millóns que orzamos a principios de ano, pero poida que quedemos arredor dos 140 ou 145 millóns. Canto á marxe, todas as cantidades aumentan, tamén o volume de enerxía, o volume de facturación que estamos a xestionar. Estamos a falar de volumes máis altos.

Aquí faise unha mención especial ao EBITDA porque a propia cooperativa púxose un límite e, se non fixésemos nada, sobrepasaríamolo moito. Vese aquí un EBITDA de máis de 6 millóns. Reducimos os prezos das tarifas, pero esta grande incerteza no prezo da electricidade fai que podiamos ter tamén unha variabilidade no EBITDA. Non queremos chegar a un EBITDA de 6 millóns. Antes de chegar a isto, seguro que teremos reducido os prezos das tarifas, unha ou varias veces.

Esta incerteza no prezo da luz obríganos a mantermos alerta. E o EBITDA que mencionábamos (as ganancias antes de pagar impostos e amortizacións) é un indicador financeiro que empregan as empresas do mundo capitalista. Nós impuxémonos, ás veces mortificándonos e nun exercicio de transparencia suprema, un límite do 4 %. Tendes que saber que as empresas do mundo capitalista queren un EBITDA do 10 % ou máis porque o que queren é captar investimento e ser atractivas para o inversor. Así que un EBITDA do 4 % é moi pouco interesante. Pero o noso modelo non é este. Poñemos os datos do EBITDA por transparencia, pero non nos medimos por EBITDA: medímonos pola confianza das persoas e por cambiar o modelo dun xeito real.

19. Facultar ao Consello Reitor para executar e inscribir os acordos adoptados

Jaume Josa explica este punto, que se votará:

Neste punto, a votación trátase de habilitar ao Consello Reitor para realizar cambios formais, de redactado, é dicir, non de concepto nin substanciais. Estes cambios de redacción pódenos pedir no Rexistro de Cooperativas cando vaiamos rexistrar as modificacións

estatutarias que presentamos no punto 16. Deste xeito, o Consello Reitor poderá aprobar estes cambios formais sen ter que agardar un ano máis á Asemblea Xeral de 2023. Por favor, votade tamén este punto.

Intervén a continuación Albert Banal para informar de que aquí remata a parte de presentación que tiñamos preparada dende o Consello Reitor sobre os puntos da orde do día que sometemos a votación e tamén dos informativos. A partir de agora temos un espazo para facer chegar dúbidas e preguntas. Se estades dende casa podédelo facer telematicamente. Os que estades en Xirona o podédelo facer de viva voz.

20. Respostas ás dúbidas formuladas pola base asociativa

Paco Jofra: Máis que unha pregunta trátase dun comentario sobre os excedentes de autoprodución. Cando se acepte a moción, levarase adiante. Xa hai algunhas propostas sobre o que pode facer o equipo técnico: por exemplo, compensación mensual ou compensacións entre os socios e socias da entidade. Esperamos ter algo definitivo en 2023.

Albert Banal: Agora pasaremos ás cuestións relativas ás tarifas. Hai unha primeira pregunta sobre a compensación de excedentes. A pregunta do vehículo eléctrico fai referencia á compensación de excedentes que se comentou agora mesmo. Buscaremos algunha alternativa, como xa dixemos.

Ricard Jornet: A seguinte pregunta fai referencia aos vehículos eléctricos porque hai varias comercializadoras que presentan estratexias de prezos máis económicos pola noite. Isto tiña sentido antes. Como sabedes, antes o prezo da enerxía pola noite era moi económico, pero xa non o é tanto. O que facemos en Som Enerxía é vender a enerxía ao prezo de custe, cunha pequena marxe. Así que entrar nestas políticas comerciais para atraer máis consumo de noite e despois «meter unha zorregada» de día non entra na liña comercial da nosa cooperativa. Podemos falar, por exemplo, de investir noutras fontes de enerxía renovables que nos dean enerxía económica pola noite, pero ata que non esteamos nesa situación non vai cambiar nada.

Paco Jofra: Enviou un comentario sobre a eficiencia enerxética e a produción de enerxía fotovoltaica. Se cadra non nos estamos a centrar na redución do consumo. Nese senso queremos dicir que a cooperativa está aliñada coa necesidade de reducir o consumo «para non matar moscas a canonazos» (cito literalmente).

Ricard Jornet: De todos os xeitos, para a seguinte Asemblea pódese solicitar que se traballe máis nesta dirección. Todos estamos de acordo en que debemos afondar neste tema no que xa se está a traballar. De todos os xeitos, pódese buscar outro xeito de xestionalo no futuro.

Jaume Josa: Pregunta sobre a demora na facturación. A demora na facturación mellorou moito, malia que se observan atrasos en determinados territorios e zonas locais. Estamos supeditados a que a distribuidora nos pase as lecturas correctas. Estamos a traballar nisto e a situación xa mellorou.

Sara Gutiérrez: Pregunta sobre o IVE e o que aconteceu con el. Sobre se credes que hai algunha intencionalidade e se hai outros actores prexudicados. Igual que outras cooperativas do mesmo tamaño que están no mundo das enerxías renovables, vímonos afectadas por este cambio de IVE porque naquel momento non contábamos con liñas de confirming, ao contrario das grandes empresas que si as tiñan para adiantar o IVE e non verse tan afectadas na tesourería. Agora si contamos con elas por se fosen necesarias no futuro, malia que agardamos que non.

Despois, evidentemente, as cuestións de IVE e volatilidade dos prezos aféctannos ás comercializadoras pequenas e tamén a outros actores. Isto non só sucedeu en España: moitas comercializadoras crebaron ao longo de 2021 e 2022. En Alemaña foron 33, en Inglaterra non teño a cifra exacta, pero foron moitas as que crebaron, e mesmo algunha grande. En España crebaron 22 en 2021 e 17 en 2022. É unha situación arrepiante e triste. Ademais, malia que nos prexudique a nós como comercializadora e cooperativa, debemos ser conscientes de que as principais prexudicadas son as consumidoras. Son as máis vulnerables porque pagan máis polo mesmo servizo e a pobreza enerxética está aumentando e cada vez é máis fácil saír deste limiar de pobreza enerxética. Polo tanto, somos moitas as prexudicadas.

Albert Banal: Pregunta sobre a fiscalidade do Generation kWh. Como sabedes, a xente que está no Generation ten nestes momentos un prezo que está por baixo do prezo de mercado e isto supón un beneficio en relación co prezo de mercado. Dende un punto de vista fiscal, este beneficio considérase unha ganancia de capital e é imponible. Pregúntasenos se é posible realizar unha consulta á axencia para ver se sempre debe ser así. Así o fixeron xa varias veces o equipo xurídico e de finanzas, e confirmáronnos que é así: cómpre pagar este 19 % de impostos.

Ricard Jornet: A pregunta é se podemos empregar as reservas para remunerar máis o excedente non compensado. A resposta é que o valor co que remuneramos o excedente é o mesmo que nos custa a nós a enerxía. Isto é xusto e transparente. Non queremos que sexa un valor máis caro. Para nós, non ten sentido facelo coas reservas. Cremos que non sería un camiño correcto. De todos os xeitos, son propostas que se poden canalizar a través das mocións. Neste senso, temos socios críticos que preguntan que facer cos excedentes non compensados e hai comercializadoras que teñen ideas innovadoras, por exemplo, baterías. Nós, porén, estamos a compensalo e cremos que estamos no correcto. O que debemos ver é que se pode facer cos excedentes non compensados, atopar unha solución xusta para a cooperativa e os socios.

Albert Banal: Tamén hai unha pregunta sobre a remuneración do xuro do capital social. Paco explicou antes as razóns polas que propoñemos manter ese xuro no 1 %. Non as

repetiremos. Simplemente consideramos que non se trata dun instrumento financeiro, senón dunha ferramenta para a saúde da cooperativa. Pero este é un dos puntos que temos presentes e no que debemos escoitar as opinións e preferencias das persoas socias. Iniciaremos unha enquisa para saber o que pensan as persoas socias ao respecto. Neste senso, irase actualizando este punto en todas as Asembleas. Esta é a proposta que o Consello Reitor presenta á Asemblea.

Tamén hai unas preguntas no Participa sobre este tema que xa se responderon no mesmo Participa.

Albert Clusella: Temos unha pregunta máis sobre as tarifas. Pregúntannos se as tarifas que aparecen nas distintas webs son fiables e aplicables a Som Energia. Aquí é moi importante diferenciar o seguinte: en Som Energia normalmente temos contratos a prezo fixo coa tarifa 2.0TD que establece horarios fixos para Som Energia e outras comercializadoras. Eses horarios que determinan as tarifas publícanse na web e son iguais para todas as comercializadoras. Así que seguramente son as mesmas. En calquera caso, é unha información que é importante tomar directamente da nosa web. Hai outro tipo de contrato, que é a tarifa indexada. Temos moi poucos contratos en Som Energia con tarifa indexada. Sobre todo son para empresas. Esta tarifa indexada significa que o prezo da enerxía varía hora a hora, polo tanto, cómpre buscar fontes oficiais para ver o prezo hora a hora da tarifa indexada. Pero, insisto, a maioría dos socios temos unha tarifa fixa e só temos tres períodos: punta, chaira e val. E isto aparece nunha imaxe da nosa web.

Paco Jofra: Unha nova pregunta sobre o excedente dunha instalación de autoconsumo non compensado: Quen aproveita o excedente non compensado? Quen o recibe? Recíbeo Som Energia, a comercializadora e non a distribuidora.

Albert Clusella: Pregúntannos se a «excepción ibérica» que se aprobou hai pouco supón unha redución do prezo da enerxía excedentaria nos nosos sistemas de enerxía. Temos tarifas con prezo fixo, tanto para o que nos custa a enerxía como para que a compensamos. E a medida que esta «excepción ibérica» repercute sobre os prezos de compra da cooperativa, poderemos reflectila nas tarifas, tanto nos prezos de custo de cada KWh como no prezo de compensación de cada KWh. Pero insisto en que a política de Som Energia é compensar o KWh polo mesmo prezo que nos custa. É dicir, se nos abastecemos a un prezo de 200 euros/MWh de media, nós pagamos os excedentes a ese mesmo prezo.

Jaume Josa: Os primeiros días de aplicación amosaron un éxito relativo. Neste senso, quizás esta «excepción ibérica» non funciona ben porque as enerxías hidroeléctricas están a aproveitarse dela, ofrecendo prezos astronómicos, e o gas quedou por baixo. A incerteza continúa.

Sara Gutiérrez: Canto á pregunta sobre a cifra de impagamentos, son 700 000 euros. É case un 2,3 % dos contratos. O ano pasado xa dixemos que cumpría revisar a Lei 24/2015 e o protocolo para tratar ás persoas en situación de vulnerabilidade e pobreza enerxética. Sen entrar en detalles do protocolo, o que podó dicir é que hai un número importante de persoas

do equipo técnico que se ocupan dos impagamentos e que realizan moitas chamadas cunha atención moi personalizada. A intención é coidar ás persoas que están nesta situación. Sabedes que non tratamos ás persoas como clientas senón como socias e téntase actuar co máximo coidado posible.

Albert Banal informa de que non se detectou ningunha pregunta máis. Polo tanto, pechamos esta parte de respostas ás preguntas. Lembra que hai tempo para votar ata as 13:15 h.

21. Despedidas dos membros do Consello Reitor

Albert Banal agradece a influencia de Francesc Pujol, quen o animou a presentarse ao Consello Reitor. Comenta que non ter participado antes doutros espazos da cooperativa e o feito de que acababa de chegar dunha estancia no estranxeiro foron factores que influíron no seu exercicio do cargo. Sinala que foron catro anos moi intensos, e que, malia o esforzo dedicado cada ano, o seguinte era aínda máis complicado, en especial o derradeiro. Este esforzo tivo un impacto noutras esferas da súa vida, polo que agradece a súa familia, por deixalo participar, malia padecer as consecuencias do seu compromiso e dedicación a Som Enerxía.

En todo caso, considera que o balance é positivo e que estes catro anos no Consello Reitor da cooperativa cambiárono para sempre en moitos sentidos. O traballo co equipo técnico ensinoulle moito, non só dende a perspectiva técnica, senón en relación cos valores e co compromiso que teñen cara a cooperativa que é o que realmente a fai única. Un dos grandes activos da cooperativa é a confianza que a xente deposita nela.

Tamén subliña todas as moitas horas compartidas co Consello Reitor actual e as persoas que formaron parte del ata este ano. Non sempre estaban de acordo, pero sempre chegaron a un compromiso e, dende puntos de vista a veces moi dispares, foron quen de entenderse e de chegar a unha solución.

Finalmente, agradece ter podido participar activamente neste proxecto tan transformador, un modelo a seguir, un proxecto que funciona e demostra que as persoas poden facer cousas, mesmo nun mercado tan horrible como o da electricidade. Se o coidamos, este proxecto terá un recorrido longuíssimo, un gran impacto e cambiará, sen dúbida, a vida de moitas outras persoas.

Irene Machuca agradece estes catro anos intensos de aprendizaxe, de crecemento persoal e de decrecemento, tamén. Agradece a Marc Roselló a axuda que lle forneceu en 2013, cando coñeceu a cooperativa. O seu compromiso co grupo local de Sevilla levouna a presentarse ao Consello Reitor en 2018. Cada ano foi como unha montaña rusa de sensacións, de emocións, de traballo, de situacións que tivemos que afrontar. O gran equipo que forma Som Enerxía, e sobre todo as persoas coas que tivo a honra de compartir tempo durante estes catro anos no Consello Reitor, fixérono máis doado.

Lembra todos os cambios vividos estes últimos catro anos: a reestruturación organizativa interna, o novo modelo de xerencia, os cambios normativos, a pandemia, as subas de prezo no mercado eléctrico que non se podían sospeitar, a creación da Aula Popular e a revolución das comunidades enerxéticas.

Agradece a todos os membros do Consello Reitor cos que compartiu tempo estes catro anos. Salienta que aprendeu moitísimo e que achegou o seu gran de area para que esta cooperativa continúe a ser unha ferramenta que permita á cidadanía participar da transición enerxética; unha transición enerxética que ademais de ser renovable ten que ser xusta, democrática e, sobre todo, feminista. E temos que establecer os mecanismos necesarios para que así sexa.

Toma a palabra Sara Gutiérrez, que non remata o seu cargo este ano pero que está a valorar presentar a súa renuncia como membro do Consello Reitor. Aproveita a Asemblea Xeral para agradecer o seu paso polo Consello Reitor de Som Energia. Salienta a importancia de xerar espazos onde se poidan expresar as emocións, o que non é posible en todos os eidos, pero si en Som Energia.

Manifesta que a súa intención é continuar o proxecto dende outro sitio. Do proxecto destaca as palabras agradecemento, constancia, equipo, flexibilidade. E tamén quere dar peso á palabra vulnerabilidade porque precisamente a través da vulnerabilidade facémonos máis fortes, podemos medrar, gañar en calidade e demostrar que somos máis resilientes, como nestes dous últimos anos tan duros para a cooperativa. Os momentos de crise sempre serven para construír ideas innovadoras.

Está a considerar a renuncia por motivos persoais, que lle dificultan participar no Consello Reitor. E traslada a súa lelicia e tranquilidade ao ver que este ano se presentou moita xente, sobre todo tantas mulleres, e que houbera diversidade. Falta dar este xiro feminista en todas partes. Polo tanto, o que fagamos con Som Energia é fundamental. Queremos impulsar novos xeitos de facer as cousas e ten que ser dende un enfoque ecofeminista.

Agradece ao equipo técnico a súa dedicación e aos grupos locais, a súa presenza. E, por último, dá as grazas ás súas compañeiras do Consello Reitor.

Por último, Ricard Jornet agradece ás persoas que rematan o seu mandato no Consello Reitor, sinalando que foron un referente magnífico para os que chegaron máis tarde.

22. Resultado das votacións:

	Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	
	Aprobas as Contas anuais	414	5	14	Aprobado

	Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	
	2021?				
	Aprobas a aplicación do excedente cooperativo 2021?	426	6	6	Aprobado
	[MOCIÓN] Aprobas que a cooperativa leve a cabo un traballo de formación, escoita e elaboración dunha proposta sobre como compensar e xestionar os excedentes de autoconsumo non compensados para que se poida aplicar a partir de 2023?	420	4	13	Aprobado
	[MOCIÓN] Aprobas que a cooperativa estude a posibilidade de ofrecer unha tarifa social para as persoas con certos requisitos ou dificultades económicas?	370	42	32	Aprobado
	[MOCIÓN] Aprobas que a cooperativa dea prioridade á autoprodución compartida en rede exterior , achegando máis tempo, persoas e recursos ao seu desenvolvemento a curto e medio prazo, para aproveitar as oportunidades que se presentan?	378	17	38	Aprobado
	[GTT] Aprobas o	353	22	54	Aprobado

	Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	
	documento marco proposto para a xestión da diversidade lingüística en Som Enerxia?				
	Aprobas a proposta de xuro anual no capital social ?	350	63	27	Aprobado
	Aprobas a proposta de ratificación das emisións de capital social voluntario aprobadas polo Consello Reitor dende a anterior Asemblea Xeral Ordinaria?	397	16	22	Aprobado
	MODIFICACIÓNS ESTATUTARIAS				
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes ao desenvolvemento da web corporativa (artigos 4, 10, 38, 55 e disposición adicional 4a)?	387	8	18	Aprobado
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes á adaptación á normativa (artigos 19, 29 e 32)?	387	3	23	Aprobado
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes ao obxecto social (artigo 2)?	389	1	23	Aprobado
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes á aceptación das comunidades de bens como socias (artigo 5)?	375	10	28	Aprobado

	Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes aos acordos de admisión das achegas e o financiamento voluntario por parte do Consello Reitor (artigos 23, 36 e 44)?	372	16	25	Aprobado
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes á aprobación do Regulamento de Réxime Interno por maioría simple (artigo 40)?	363	16	34	Aprobado
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes á renovación dos membros do Consello Reitor para evitar o empate entre persoas candidatas (artigo 45)?	390	8	15	Aprobado
	Aprobas as modificacións estatutarias referentes a simplificar o procedemento de altas e baixas de persoas socias mediante unha Comisión Delegada (artigo 13)?	394	6	13	Aprobado
	Aprobas a ratificación de Albert Clusella Vilaseca como membro do Consello Reitor?	360	10	47	Aprobado
		Votos			
	María Jesús Arruti Lebrero	210			

	Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	
	Aina Barcelo Cuerda	268			
	Carolina Coll Marquès	255			
	Jaume Riera Codina	118			
	Montserrat Sagarra Fitó	142			
	Josep Torné i Albi	81			
	Andrés Vargas Beato	53			
	Pregunta	Positivos	Negativos	Abstención	
	Aprobas o Orzamento de 2022?	389	10	15	Aprobado
	Facultas ao Consello Reitor para executar e inscribir os acordos adoptados?	406	3	9	Aprobado

Dado que as persoas presentes non teñen máis comentarios, suxestións nin dúbidas, o presidente levanta a sesión ás 14:00 horas, e eu, Borja Barredo, deixo constancia expresa de que recoñecín a identidade de todas as persoas asistentes. Tamén deixo constancia de que todas as persoas socias asistentes á Asemblea Xeral Ordinaria que así o quixeron puideron exercer o seu dereito de participación, intervindo verbalmente e por escrito.

Sinaturas:

Presidente da Asemblea Xeral

Secretario da Asemblea Xeral

Tendo ligo o contido desta Acta, asínoa e apróboa aos efectos oportunos na miña condición de interventor:

Sinaturas dos interventores da acta.

Salomé López Ramos

Josep Frigola Rosó

ANEXO 1: Lista de persoas socias que participaron na Asemblea Xeral (nome, apelidos e número de persoa socia).